CONCELLERÍA DE DEPORTES | CONCELLO DE VIGO

# RESOLUCIÓN DA AUTORIZACIÓN DEMANIAL DE ESPAZOS DEPORTIVOS A AGRUPACIÓNS, FEDERACIÓNS, COLECTIVOS CON NECESIDADES ESPECIAIS E CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN A ACTIVIDADE DEPORTIVA [Expediente 6676-611]

## ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas e agrupacións da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento toda a cidadanía.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Desenvolvemento e promoción do deporte base e o deporte adaptado, fomento e colaboración en proxectos de desenvolvemento co tecido deportivo da cidade.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar  a imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir unha ocupación e xestión efectiva de ocupación de espazos deportivos,  e unha maior eficiencia das instalacións municipais.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 1 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**FUNDAMENTOS**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local (en adiante, LRBRL), e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG).

Con carácter previo ao outorgamento dos espazos deportivos deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión dos espazos e proceder a súa convocatoria, tal e como establece o art. 96 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas (en adiante LPAP)

Conforme ao principio básico de optimización dos recursos municipais, a cesión de uso de instalacións deportivas de titularidade municipal realizarase preferentemente en réxime de uso compartido con máis entidades na instalacións, sempre que as características dos espazos o permitan e se satisfagan as esixencias mínimas inherentes aos proxectos de actividades propias dos clubs e/ou entidades beneficiarias.

É por isto que a modalidade que a normativa regula, é a de "*uso común especial*", ao concorrer no mesmo especiais circunstancias de intensidade en favor do movemento deportivo asociativo, sen que mediante o mesmo se limite ou exclúa a utilización polos demais interesados e, sen prexuízo, da posibilidade do seu desfrute pola cidadanía.

As autorizacións demaniais encádranse legalmente no artigo 92 da LPAP, así como no artigo 78 do Regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL), e teñen natureza administrativa.

Dita autorización é o título xurídico que habilita ao autorizado ó uso especial normal dos bens de dominio público municipal, outorgándose a mesma no réxime de concorrencia con arranxo ao disposto no artigo 92 de 1 a 4 de carácter básicos, da LPAP e do artigo 77 do RBEL.

Tal e como establecen as bases, e conforme ao establecido pola LPAC, este procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos, por seren as beneficiarias, entidades incluídas no art. 14 da LPAC.

O Concello de Vigo, como titular da instalación, establece a exención na Ordenanza nº52 reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes como se establece no artigo 5. A1 onde "os Colexios públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física" e o artigo 5. A.3 onde "As actividades programadas de especial interese deportivo e /ou social acreditado, previa solicitude do/a interesado/a e conformidade da Concellería de Deportes".



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 2 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

CONCELLERÍA DE DEPORTES | CONCELLO DE VIGO

## RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, proponse ao Concelleiro de Area de Fomento, Servizos e Deportes, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar as **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE AUTORIZACIÓN DEMANIAL, DO USO COMÚN ESPECIAL DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN FINS DE LUCRO** e a súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Proceder á súa publicación o Boletín Oficial da Provincia (BOP), e na páxina web do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Técnico de Deportes, Pablo Alberte Otero
O Adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico - José Ángel Lago Filgueira
O Xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo, Rubén Peña Barceló
O Concelleiro Delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez
O Concelleiro de Área de Fomento, Servizos e Deportes, Javier Pardo Espiñeira.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 3 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## 1.- OBXECTO

É obxecto do presente prego de condicións regular o procedemento, adxudicación e o contido das autorizacións demaniais para o uso de instalacións deportivas de titularidade municipal a favor de federacións, colexios, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de interese xeral ligados á competencia municipal en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

## 2.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non disposto na presente convocatoria será de aplicación a normativa contida na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## 3.- HORARIOS E INSTALACIÓNS DISPOÑIBLES PARA AS AUTORIZACIÓNS.

A instalación deportiva e horarios, obxecto da autorización demanial, é a seguinte, podendo variar conforme a organización do servizo técnico deportivo:

<u>1º Liña de desenvolvemento: Proxectos educativos orientados os Centros Públicos educativos:</u>

Os Colexios Públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física poderán solicitar os seguintes horarios nas instalacións deportivas (ver punto 4. Requisitos das beneficiarias , 1º liña de desenvolvemento)

| Instalación deportiva | Actividade | Horas máximas semanais | Distribución |
|---|---|---|---|
| Pavillón do Carmen | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h | Mañán |
| Pavillón Frontón Cuberto | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h | Mañán |
| Pavillón Vermello | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h | Mañán |
| Pavillón de Teis | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h mañán e 4,5 h tarde | Mañán e tarde |
| Pavillón Romil | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h | Mañán |
| Piscina de Teis | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 8,5 h | Mañán |
| Piscina de Teis - Sala | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 10 h | Mañán |
| Pavillón Coia | Escolar Educativa. Currículo Educación Física | 35 h | Mañán |

<u>2º Liña de desenvolvemento: Proxectos de adaptación deportiva.</u>

Actividades programadas de especial interese social acreditado.

Proxectos deportivos de adaptación deportiva, orientados exclusivamente a integración e adaptación do deporte en persoas con dificultades de mobilidade, en risco de exclusión



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 4 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

social, persoas drogodependentes, persoas con discapacidade intelectual ou con dificultades de aprendizaxe, persoas con diversidade funcional e persoas en situación de discapacidade (ver punto 4. Requisitos dos beneficiarios, 2º liña de desenvolvemento)

| **Instalación deportiva** | **Actividade** | **Horas máximas semanais** | **Distribución** |
|---|---|---|---|
| Pavillón Lavadores | Proxectos de adaptación deportiva. | 2 h tarde (de 16:00 a 17:00) | Luns e Mércoles |
| Pavillón Berbés - Sala | Proxectos de adaptación deportiva. | 18 h | Mañáns e Tardes de luns a venres |
| Pavillón Berbés | Proxectos de adaptación deportiva. | 21 h | Mañáns de luns a venres |
| Campo de Fútbol de Travesas | Proxectos de adaptación deportiva. | 12 h | Mañáns |
| Piscina de Teis | Proxectos de adaptación deportiva. | 3,75 h | Mañán |
| Piscina de Teis - Sala | Proxectos de adaptación deportiva. | 2,5 h | Mañán |
| Pavillón Central Travesas | Proxectos de adaptación deportiva. | 10 h mañán 2 h tarde | Mañáns e Tardes de luns a venres |
| Sala de Coia | Proxectos de adaptación deportiva | 8 h | Tardes de luns a Venres |

3º Liña de desenvolvemento: Proxectos deportivos de adestramento e competición.

Actividades programadas de especial interese deportivo acreditado. Proxectos deportivos de adestramento e competición deportiva, de interese e repercusión deportiva significativa. (ver punto 4. Requisitos dos beneficiarios, 3º liña de desenvolvemento)

| Instalación deportiva | Actividade | Horas máximas semanais | Distribución |
|---|---|---|---|
| Pistas 1-2-3-4 de Tenis | Proxecto deportivo para adestramento e competición deportiva. | 90 h nas pistas 1-2-3, 15 h na pista 4. | Mañán e Tarde de luns a domingo. |
| Pavillón Coia - Sala | Proxectos deportivo para adestramento e competición deportiva. | 10 h | Tardes de Luns a Venres |
| Pavillón Berbés - Sala | Proxectos deportivo para adestramento e competición deportiva. | 10 h | Mañáns e Tardes de Luns a Venres |
| Pavillóns polideportivos e campos de fútbol | Proxecto deportivo multidisciplinar para adestramentos e competición deportiva (baloncesto, fútbol sala, fútbol 7, fútbol 11). | 50 h | Sábados tarde e domingos mañán e tarde |

## 4.- NECESIDADES A SATISFACER E EXENCIÓNS FISCAIS

As necesidades administrativas a satisfacer coa presente autorización de uso común especial van dirixidas á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, conforme o artigo 25.2.l da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co artigo 4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que atribúe aos municipios competencias en materia de utilización das instalacións



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 5 de 25
6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso.

En relación a 1º liña de desenvolvemento, especificamente nas ordenanza nº 52 reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, no seu artigo 5 de redución nos prezos públicos (exencións e bonificacións), determina que se atoparían exentos do pagamento dos prezos públicos, no punto A.1 “os colexios públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física”.

Así mesmo na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa “Disposición adicional decimoquinta. Municipios, corporacións ou entidades locais” establece no seu apartado 7 que “as Administracións educativas, deportivas e municipais, colaborarán para o establecemento de procedementos que permitan o dobre uso das instalacións deportivas pertencentes aos centros docentes ou os municipios”.

En relación a 2º e 3º liña de desenvolvemento, especificamente nas ordenanza nº 52 reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, no seu artigo 5 de redución nos prezos públicos (exencións e bonificacións), determina que se atoparían exentos do pagamento dos prezos públicos, no punto A.3 “as actividades programadas de especial interese deportivo e/ou social acreditado, previa solicitude do/a interesado/a e conformidade da Concellería de Deportes”.

O Concello de Vigo quere contribuír ao desenvolvemento da actividade deportiva destes colectivos, como esixe a normativa legal. Dentro destas actuacións presentan un lugar destacado os proxectos deportivos de interese xeral que contribúen a canalizar a promoción do deporte e instalacións deportivas así como a ocupación do tempo libre. Existen múltiples instalacións que pola súa localización en determinados lugares, poden contribuír de maneira decidida á participación máis activa e eficaz das persoas na realización de deporte, por iso se suscita a súa cesión a estas entidades para canalizar esta participación deportiva cidadá.

As concretas finalidades, requisitos dos beneficiarios, actividades e destinos para o que se ceden os espazos municipais concrétanse no punto 4 deste prego. Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formarán parte das autorizacións que no seu día se outorguen, cas potestades do Concello e as obrigas dos beneficiarios.

**5 - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.**

**5.1.** Poderán ser beneficiarias as asociacións, colexios e outras entidades deportivas de Vigo, que realicen actividade deportiva no Concello de Vigo e carezan de instalacións deportivas adecuadas ou suficientes para a realización de actividades obxecto desta convocatoria.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 6 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A continuación detállanse os requisitos e condicións precisas das beneficiarias para a solicitude de instalación e horarios para cada unha das 3 liñas de desenvolvemento de proxectos e actividades.

<u>1º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades escolares educativas pertencentes o Currículo de Educación Física.</u>

Para a solicitude das instalacións e horarios detallados no punto 2 de esta convocatoria, deberán ser colexios públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de educación física.

Poderanse desenvolver ciclos formativos de actividade docente non obrigatoria especializada en programas de educación física coa solicitude expresa da Consellería de Educación.

<u>2º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades deportivas adaptadas e organizadas por colectivos especiais.</u>

Para a solicitude de estes horarios, as entidades ou asociacións, deberán desenvolver na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente a integración e adaptación do deporte en persoas con dificultades de mobilidade, en risco de exclusión social, persoas drogodependentes, persoas con adaptacións ou discapacidade intelectual ou con dificultades de aprendizaxe.

<u>3º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades de proxectos deportivos de adestramento e competición deportiva.</u>

Poderán solicitar e obter estes espazos as federacións deportivas ou asociacións, que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro.

Para a solicitude de estes horarios as agrupacións ou federacións deberán desenvolver programas específicos polas federación deportivas, promoción e difusión de actividades na modalidade deportiva, fomento da actividade física a través de cursos, clases, actividades, e campionatos.

Os proxectos presentados deberán adaptarse as características das instalacións deportivas (deportes específicos de sala nos horarios de sala, modalidade deportiva de tenis nas pistas de tenis, modalidades habituais nos pavillóns deportivos)

**5.2 . Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:**

- Os clubs deportivos.
- As ligas privadas e organización de competicións exclusivas, nun deporte específico.
- As asociacións veciñais.
- As persoas físicas.

**6.- POTESTADES DO CONCELLO**

a) Recuperar de oficio a autorización do uso dos espazos deportivos por incumprimento do previsto neste Prego de Condicións, por razóns de interese público ou necesidades da administración local.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBEN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 — Páxina 7 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40
Documento asinado

b) Establecer fórmulas de colaboración coas asociacións e entidades beneficiarias, entendidas como contribución ao mantemento e sostemento do gasto público.
c) Promover o uso compartido das pistas deportivas en aras a unha maior optimización dos recursos.
d) Tendo en conta o carácter gratuíto das autorizacións, dado que non están suxeitos a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial, o Concello poderá usar, total ou parcialmente, de modo gratuíto, os bens obxecto das autorizacións para os seus fins en calquera momento.

- O impedimento ao Concello por parte das entidades por acción ou omisión da inspección ou do acceso ou goce os bens obxecto de autorizacións, constituirá causa de extinción das autorizacións por causa imputable ás entidades autorizadas.

e) Redistribuír a ocupación da pista ou campo, para poder atender as necesidades de calquera entidade que o Concello considere de interese e que por diversos motivos non puideron acollerse á convocatoria de cesión/autorización de espazos.

f) Redistribución e reorganización de horarios no caso de obras, eventos deportivos, peches temporais ou calquera outro motivo que por interese xeral se poida aplicar.

g) En relación aos horarios concedidos, poderanse realizar pequenas modificacións que non poderán supoñer un incremento das horas totais concedidas. Esta modificación unicamente poderá realizarse para asumir modificacións do programa aprobado, en ningún caso para xerar novos programas ou actividades non contempladas no proxecto presentado polo solicitante.

h)As posibles modificacións de horarios e días solicitadas pola entidade, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións, así como os espazos para actividades que estean relacionadas coa distribución ou necesidades especiais. Será posible o cambio a outra instalación, noutros horarios e días, por motivos de programación e organización, en calqueira momento da vixencia da autorización, de forma temporal ou definitiva.

i) O Servizo de deportes, determinará o meses de peche da instalación, se os houbera, debendo a entidade adaptar a súa actividade a este peche da instalación.

## 7.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

1.- Serán obrigas das beneficiarias dos espazos deportivos, as que seguen:

a) Realizar a actividade deportiva concedida consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da exención do pago da instalación municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
c) Coñecer e respectar a normativa de uso de instalacións deportivas.
d) Comunicar con tempo suficiente, a ausencia puntual nos horarios concedidos.
e) Empregar a lingua galega na realización das actividades.
f) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 8 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

g) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

h) A beneficiaria da autorización demanial debe contar durante o tempo da autorización cunha póliza de responsabilidade civil que cubra a actividade obxecto da mesma e cunha póliza de accidentes sobre todos os participantes da mesma. Cada ano deberá presentar o xustificante bancario de pagamento de cada prima, polo rexistro xeral do Concello dirrixido ao servizo de Deportes. A non presentación será causa de revogación.

i) A beneficiaria deberá obter cantas licenzas, autorizacións e permisos requira o uso ou as actividades a realizar sobre as instalacións ou espazos municipais, a maiores da autorización demanial xa outorgada

j) Asumir a responsabilidade derivada da ocupación dos bens obxecto destas autorizacións, e en consecuencia, a aboar e asumir o importe dos danos e perdas que se causaren as instalacións, espazos municipais ou ao uso xeral ou servizos ao que estivesen destinados así como calquera dano e perda que se cause sobre bens materiais ou persoais xa sexan do Concello ou dun terceiro.

k) Poñer en coñecemento inmediato do Concello cantas actuacións, anomalías ou incidencias podan producirse nas instalacións municipais ou espazos obxecto de autorización que puideran ser contrarias o seu normal destino e en todo caso, nun prazo non superior a dous días hábiles.

l) Queda prohibida a utilización dos inmobles postos ao dispor das entidades beneficiarias para a realización de actividades diferentes ás contempladas no acordo de cesión e, en especial, para a realización de actividades económicas distintas ás que constitúan os fins sociais da entidades, con independencia de que as actividades se adecúen á normativa en vigor. En concreto, quedan prohibidas as seguintes actividades:

- As que vulneren a legalidade vixente ou os dereitos fundamentais das persoas.
- As que fomenten a xenofobia, o racismo, a violencia ou calquera forma de discriminación, así como iniciativas sectarias ou que atenten contra as normas de convivencia.
- As que atenten contra a dignidade humana.
- As que poidan implicar malos tratos animais.
- As actividades con fins lucrativos.
- As actividades non orientadas a práctica de actividade física e deportiva.

m) Non poderá gravar, arrendar, subarrendar, nin allear os bens obxecto das autorizacións.

n) Cumprir cantas outras obrigas resulten destes pregos, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións legais que sexan de aplicación.

o) O/a solicitante comprométese a desenvolver a actividade, nos horarios e datas establecidos na resolución. Responsabilizarase das tarefas básicas do control e vixilancia das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil da actividade e dos posibles accidentes deportivos. Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 9 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

p) Os/as usuarios accederán á instalación precedidos polo docente ou responsable da actividade, non estando permitido o acceso dos usuarios en caso contrario. Da mesma forma, a persoa docente ou responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.

q) As entidades beneficiarias deberán adaptar os seus proxectos a apertura e peche da instalación, en períodos de verán ou outros.

**8.- OBRIGAS DO CONCELLO**

Constitúen obrigas do Concello

a) Outorgar a beneficiaria a protección adecuada para que poida usar o espazo cedido, levando a cabo as grandes tarefas de reparación e mantemento que fosen necesarias.
b) O Concello realizará un seguimento das autorizacións para o uso a asociacións e entidades durante o período de vixencia de cada unha.
c) O Concello terá facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.

**9.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.**

**9.1. Prazo de presentación**

Os interesados/as no procedemento deberán presentar as súas proposicións na forma, prazo e lugar indicados no anuncio da convocatoria. O prazo de presentación será de dez días a contar dende o día seguinte á publicación no anuncio BOP de Pontevedra de conformidade co establecido no artigo 96.3 de la LPAP.

No caso de que o último día de presentación de proposicións fose inhábil, o prazo de presentación prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

Cada entidade non poderá presentar máis dunha proposición.

A presentación de solicitude supón a aceptación incondicional por parte da entidade interesada do contido da totalidade das presentes bases que rexen a autorización, sen condición ou reserva algunha.

**9.2. Documentación a presentar**

A solicitante que cumpra os requisitos sinalados na base 4ª e desexen participar na presente convocatoria, deberán presentar a documentación seguinte:

<u>9.2.1.- Liña 1:</u> Os colexios e centros públicos de educación deberán presentar a seguinte documentación para optar a 1º liña de desenvolvemento:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude.
- Anexo I.2. Horarios e instalacións solicitadas
- Copia da acta de constitución da xunta directiva actual
- Certificado do acordo do órgano competente da entidade polo que se solicite a autorización de uso do espacio no que se manifeste que a Dirección ou



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 10 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

representante legal da entidade coñece o contido das presentes bases e se compromete persoalmente a garantir o bo uso das instalacións

- Copia do CIF do centro educativo solicitante.
- Copia do DNI da directora/or do centro.

9.2.2.- Liñas 2ª e 3ª: As agrupacións e federacións solicitantes deberán presentar a seguinte documentación para optar a 2º e 3º liña de desenvolvemento:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Horarios e instalacións solicitadas
- Proxecto da actividade. Organización das actividades, número de participantes, obxectivos da asociación. Detalle de outras actuacións, actividades da asociación relevantes, beneficios da actividade física sobre os seus usuarios, ámbitos de actuación, dinamización de actividades.
- Certificados de estar o corrente de pago coa Tesourería da Seguridade social, coa AEAT, coa Consellería de Facenda.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Composición da actual xunta directiva.
- Certificado do acordo do órgano competente da entidade polo que se solicite a autorización de uso do espacio no que se manifeste que o Presidente ou representante legal da entidade coñece o contido das presentes bases e se compromete persoalmente a garantir o bo uso das instalacións
- Copia do D.N.I. da persoa representante da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Póliza de responsabilidade civil e xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano de uso.
- Póliza accidentes que cubra os participantes e xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano de uso.
- Copia dos estatutos.
- Listado de adestradores/as e certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais (só para actividades nas que participen menores de idade).
- Participantes da actividade que se vai desenvolver na instalación. Idades, horas de participación.

9.2.3. Para a tramitación deste procedemento o Concello, se non existe oposición expresa da entidade beneficiaria, poderá consultar e obter os seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.
- Certificación expedida pola Consellería de Facenda

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente habilitada no formulario e achegar os documentos.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 11 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBEN PEÑA BARCELO ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## 10.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN

Os criterios establecidos para o outorgamento das autorizacións, en cada unha das liñas de desenvolvemento serán os seguintes:

1º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades escolares educativas pertencentes o Currículo de Educación Física.

- Se non existira concorrencia con respecto a actividade, día e hora solicitada, concederase directamente a mesma, sempre segundo necesidades e dispoñibilidade das instalacións.

- Se existira concorrencia con respecto a actividade, día e hora solicitada, resolverase a favor da solicitante que obteña a maior puntuación conforme o baremo contido nas presentes bases, sempre segundo as necesidades e dispoñibilidade das instalacións. Os criterios de prioridade pola orde que aparecen, serán os seguintes:

- Cada colexio poderá solicitar como máximo, un pavillón polideportivo.
- Se o criterio anterior non determina o uso, terá prioridade o centro educativo con maior número total de grupos educativos que teñen clase de educación física en todo o centro educativo.
- Se o criterio anterior non determina a preferencia de uso, terá prioridade o centro educativo con maior número total de alumnas/os do centro.
- Se o criterio anterior non determina a preferencia de uso, terá prioridade o centro educativo con maior número total de profesores de Educación física do Centro.

2º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades deportivas adaptadas e organizadas por colectivos especiais.

-Se non existira concorrencia con respecto á actividade, día e hora solicitada, concederase directamente a mesma, sempre segundo necesidades e dispoñibilidade das instalacións.

-Se existira concorrencia con respecto a actividade, día e hora solicitada, resolverase a favor do interesado que obteña a maior puntuación conforme o baremo contido nas presentes bases, sempre según as necesidades e dispoñibilidade das instalacións. A comisión avaliadora terán en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 50 puntos, tal e como segue:

1. Actividades xeral da entidade solicitante (máximo 20 puntos):
   Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa tecnicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

   - Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
   - Volume do número de participantes no programa deportivo.
   - Proximidade a instalación deportiva solicitada da situación do centro de referencia da asociación ou colectivo.
   - Idoneidade das instalacións solicitadas para a actividade proposta e



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 12 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

a accesibilidade necesaria.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva da entidade vinculados ca adaptación deportiva, a programas de accesibilidade, a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

2.-Promoción do deporte. Número de usuarios que se beneficiarán do proxecto deportivo (máximo 10 puntos)

- 1 punto: De 10 a 30 usuarios
- 2 puntos: De 31 a 50 usuarios
- 4 puntos: De 51 a 100 usuarios
- 5 puntos: De 101 a 150 usuarios
- 8 puntos: De 151 a 200 usuarios
- 10 puntos: Máis de 200 usuarios

3.- Deporte adaptado (máximo 20 puntos).

Outorgaranse 20 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024.

<u>3º LIÑA DE DESENVOLVEMENTO: Actividades de proxectos deportivos de adestramento e competición deportiva.</u>

1.-Valoraranse todas as solicitudes recibidas en base os seguintes criterios:

Existirá un único proxecto para a instalación de Samil, e un único proxecto deportivo para os fin de semana nos pavillóns deportivos. ( 2 proxectos en total)

2.- A comisión avaliadora terán en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 40 puntos, tal e como segue:

2.1. Actividade xeral da entidade solicitante (máximo 20 puntos): Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito exclusivamente local das actividades e competicións do programa que se presenta, e presentación dun do proxecto específico para a cidade de Vigo.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 13 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Carácter polideportivo para o proxecto nos pavillóns polideportivos e campos de fútbol.

2.2.-Promoción do deporte. Número de usuarios/as que se beneficiarán do proxecto deportivo (máximo 20 puntos)

- 1 punto: De 10 a 50 usuarios
- 2 puntos: De 51 a 100 usuarios
- 3 puntos: De 101 a 100 usuarios
- 4 puntos: De 151 a 200 usuarios
- 5 puntos: De 201 a 400 usuarios
- 10 puntos: De 401 a 1000 usuarios
- 20 puntos: Máis de 1000 usuarios

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024.

**11.- RESOLUCIÓN**

Unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, o servizo de Deportes comprobará que as presentadas se axustan ao modelo aprobado e inclúen a documentación requirida neste prego de condicións.

Unha vez presentadas as solicitudes de adxudicación, se se observaran defectos ou omisións emendables na documentación ou solicitudes presentadas, concederase un prazo non superior a dez (10) días hábiles para que as solicitantes as emenden, contados a partir do día seguinte á notificación.

Se as solicitudes tivesen defectos emendables e non se atendesen no citado prazo serán resolta consonte ao establecido na LPAC.

O outorgamento das autorizacións demaniais resolverase en función das solicitudes presentadas polas interesadas, e conforme os criterios establecidos nestas bases.

Crearase unha comisión de avaliación para realizar a proposta, unha vez recibidas todas as solicitudes.

A comisión de avaliación estará formada por dous técnicos do servizo de deportes, e un técnico do servizo de deportes que actuará como secretario, que valorará e elebará a proposta de resolución ao órgano competente.

Contra o acordo de aprobación da presente convocatoria poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa aprobación, e contra a resolución expresa ou presunta de dito recurso, se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da Xurisdicción Contencioso Administrativa en prazo de dous meses contados dende o día seguinte a aquel no que sexa notificada dita resolución.

Para a resolución do presente procedemento será competente o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes por acordo da XGL de data 28 de xuño de 2024.

**12.- DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN.**



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 14 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A autorización outórgase por un prazo máximo de 4 anos. Este período de 4 anos comezará a contar a partir da data da autorización demanial emitida a cada entidade.

O Concello de conformidade co art. 92.4 da LPAP, por razóns de interese público poderá revogar a autorización en calquera momento, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

**13.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos das solicitantes e os dos/as seus/súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para as autorizacións demaniais obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**14.- CONDICIÓNS PARA O EXERCICIO DAS AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**

a) A concellería de deportes reservase o dereito de anular os horarios concedidos sempre que sexa preciso por necesidades da Concellería.
b) Todos os usuarios afectados pola autorización deberán respetar as normas de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais.
c) Poderán facer uso dos horarios concedidos única e exclusivamente as persoas que pertenzan a entidade obxecto da concesión, sendo esta última responsable dos desperfectos e danos que se produzan por un mal uso no seu horario de concesión.
d) O uso da instalación por calquera persoa, equipo ou entidade non recollido pola autorización suporá a anulación da mesma.
e) As autorizacións poderán ser rescindidas por unha baixa utilización dos recursos ofrecidos, ben en horarios, datas ou número de usuarios.
f) A Concellería de deportes poderá solicitar a colaboración puntual para a realización das súas actividades e eventos das entidades con autorizacións demaniais de uso de instalacións deportivas. A negativa reiterada a esta colaboración ou participación, suporá a anulación de esta autorización demanial.
g) Calquera outro aspecto que recolla o artigo 100 da lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

**15.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN**

A autorización para o uso pola que se outorga a condición de beneficiario extinguirase coa finalización do prazo establecido. Asemade poderá extinguirse de forma anticipada nos supostos seguintes:



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 15 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

a) Por mutuo acordo.
b) Por renuncia de asociación e entidade beneficiaria.
c) Por disolución dá asociación e entidade beneficiaria.
d) Por resolución xudicial.
e) Excepcionalmente, por causa de interese xeral manifesta, apreciada polo Concello de Vigo, ao obxecto de destinar o uso do/os espazos a outros usos considerados preferentes.
f) Pola realización de actividades que contraveñan o obxecto e a finalidade da autorización de uso, en especial as actividades económicas con ánimo de lucro.
g) O traspaso ou autorización de uso a terceiros sen autorización municipal
h) A falta de uso do espazo deportivo por un período continuado de polo menos dous meses.
j) A deterioración grave das instalacións ocasionado por neglixencia grave ou abandono, sen causa xustificada, con desatención absoluta da actividade.
k) Perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
l) A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.

A autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral.

**16.- APLICACIÓN DAS CAUSAS DE EXTINCIÓN POR CAUSA DISTINTA DE CADUCIDADE.**

A aplicación da causas de extinción das autorización por causa distinta de caducidade axustarase as seguintes regras:

a. A extinción da autorización acordarase polo órgano competente para o outorgamento ou adxudicación das autorizacións demaniais, de oficio ou a instancia das entidades autorizadas.
b. A extinción das autorizacións só poderá instarse por aquela parte a que non se lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a mesma.
c. A extinción das autorizacións por renuncia dos titulares e por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de extinción que sexa imputable ás entidades autorizadas.
d. O incumprimento das obrigas do Concello só dará lugar a extinción da autorización naqueles casos previstos expresamente neste prego.

**17.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DE AUTORIZACIÓNS.**

Os efectos da extinción das autorizacións axustarase ao seguinte:

a. A extinción das autorizacións por caducidade ou por renuncia do titular non dará lugar a indemnización de danos e perdas.
b. Cando a extinción se produza por mutuo acordo das partes, os dereitos das partes acomodarase ao validamente estipulado por estas.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 16 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

c. Cando a autorización se extinga por causa imputable ao titular da autorización este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados.
d. Cando as autorizacións se extingan por causa imputable á Administración, determinará con carácter xeral o pago dos danos e prexuízos que cause á entidade autorizada, salvo que sexa por razóns sobrevidas de interese público, que non aboará ningún tipo de indemnización.
e. Á extinción das autorizacións, o Concello quedará facultado para dispor o procedente sobre as instalacións e bens obxecto de autorización.

## 18.- PROCEDEMENTO PARA A EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.

a. A extinción da autorización por caducidade non requirirá ningún acordo ou declaración da Administración.
b. A extinción da autorización por renuncia do titular só require acordo expreso do Concello.
c. A extinción das autorización por calquera outra causa distinta das enumeradas nos dous apartados anteriores require unicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:
    1. Audiencia ás entidades autorizadas polo prazo de dez días naturais.
    2. Informe da xefa do servizo de patrimonio.
    3. Acordo expreso do órgano competente para outorgar ou adxudicar a autorización demanial

Vigo, na data da sinatura dixital

O Técnico de Deportes, Pablo Alberte Otero
O Adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico - José Ángel Lago Filgueira
O Xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo, Rubén Peña Barceló
O Concelleiro Delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez
O Concelleiro de Área de Fomento, Servizos e Deportes, Javier Pardo Espiñeira.

**ANEXO 1 – Solicitude para Proxecto Deportivo de Adestramento e competición.**

**ANEXO 1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DEMANIAL DE ESPAZOS**

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | | | CIF: | | |
| Enderezo | | Localidade: | | | CP: | |
| Teléfono | | Fax: | | E-Mail: | | |
| E na súa representación, co cargo de: | | | | | | |
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome do Proxecto ou Programa: | | | |
| Data de Inicio da actividade: | | Data de finalización da actividade | |



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 17 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Realizo a solicitude conforme as bases específicas para a autorización demanial de espazos deportivos correspondentes a 3º liña de desenvolvemento segundo o prego de condicions.**

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

| |
|---|
| **1.Anexo I.1**: Instancia de solicitude. |
| **2. Anexo I.2**: Horarios e instalacións solicitadas. |
| **3. Anexo I.3**: Ficha resumo do proxecto da actividade. |
| **4. Proxecto completo da actividade. Organización da actividade, xustificación, obxectivos, contidos, detalle de outras actuacións, actividades da asociación relevantes, beneficios da actividade física sobre os seus usuarios, ámbitos de actuación, dinamización de actividades.etc...** |
| **5. Certificados emitidos polas Administracións Públicas (AEAT, Facenda Autonómica e Seg. Social).** |
| **6. Poliza de responsabilidade civil. E o xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano en curso.** |
| **7. Poliza de accidentes. E o xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano en curso.** |
| **8. Copia dos Estatutos.** |
| **9.-Certificado do acordo do órgano competente da entidade** polo que se solicite a autorización de uso do espacio no que se manifeste que o Presidente ou representante legal da entidade coñece o contido das presentes bases e se compromete persoalmente a garantir o bo uso das instalacións |
| **10. Copia do acta que determina a composición da actual xunta directiva da entidade.** |
| **11. Certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os monitores para actividades nas que participen menores de idade.** |
| **12. Copia do CIF da entidade solicitante.** |
| **13. Copia do DNI. Do/a presidente/a da entidade** |
| **14.- Participantes** da actividade que se vai desenvolver na instalación. Idades, horas de participación. |

**ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.**

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 18 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

<u>A finalidade</u> do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

<u>O prazo de conservación</u> dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

<u>Os datos</u> poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

<u>As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso,</u> rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

<u>O órgano responsable do ficheiro</u> (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Opóñome a que o Concello de Vigo poida consultar os Certificados de facenda autonómica, seguridade social ou axencia tributaria ☐

Con sinatura dixital do/a Presidente/a

Vigo a de de 20224

**ANEXO 1 – Solicitude para Proxectos de Adaptación deportiva.**

**<u>ANEXO 1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DEMANIAL DE ESPAZOS</u>**

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | | | CIF: | | |
| Enderezo | | Localidade: | | | CP: | |
| Teléfono | | Fax: | | E-Mail: | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| E na súa representación, co cargo de: | | | | | |
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome do Proxecto ou Programa: | | | |
| Data de Inicio da actividade: | | Data de finalización da actividade | |

**<u>Realizo a solicitude conforme as bases específicas para a autorización demanial de espazos deportivos correspondentes a 2º liña de desenvolvemento segundo o prego de condicions.</u>**



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 19 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

| |
|---|
| **1.Anexo I.1**: Instancia de solicitude. |
| **2. Anexo I.2**: Horarios e instalacións solicitadas. |
| **3. Anexo I.3**: Ficha resumo do proxecto da actividade. |
| **4. Proxecto completo da actividade. Organización da actividade, xustificación, obxectivos, contidos, detalle de outras actuacións, actividades da asociación relevantes, beneficios da actividade física sobre os seus usuarios, ámbitos de actuación, dinamización de actividades.etc...** |
| **5. Certificados emitidos polas Administracións Públicas (AEAT, Facenda Autonómica e Seg. Social).** |
| **6. Poliza de responsabilidade civil. E o xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano en curso.** |
| **7. Poliza de accidentes. E o xustificante bancario do pagamento da prima correspondente a cada ano en curso.** |
| **8. Copia dos Estatutos.** |
| **9.-Certificado do acordo do órgano competente da entidade** polo que se solicite a autorización de uso do espacio no que se manifeste que o Presidente ou representante legal da entidade coñece o contido das presentes bases e se compromete persoalmente a garantir o bo uso das instalacións |
| **10. Copia do acta que determina a composición da actual xunta directiva da entidade.** |
| **11. Certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os monitores para actividades nas que participen menores de idade.** |
| **12. Copia do CIF da entidade solicitante.** |
| **13. Copia do DNI. Do/a presidente/a da entidade** |
| **14.- Participantes** da actividade que se vai desenvolver na instalación. Idades, horas de participación. |

**ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.**

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 20 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Opóñome a que o Concello de Vigo poida consultar os Certificados de facenda autonómica, seguridade social ou axencia tributaria ☐

Con sinatura dixital do/a Presidente/a

Vigo a de de 2024



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 21 de 25 |
| --- | --- | --- |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**ANEXO 1 – Solicitude para Centros educativos públicos.**

| **ANEXO 1.- SOLICITUDE INSTALACIONS DE CENTROS EDUCATIVOS** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Centro Público: | | | | CIF: | |
| Enderezo | | Localidade: | | CP: | |
| Teléfono | | Fax: | | E-Mail: | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| E na súa representación, co cargo de: | | | | | |
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proxecto: | Curso Lectivo Centro Público. Asignatura de Educación física. | | |
| Data de Inicio da actividade: | | Data de finalización da actividade | |

**Realizo a solicitude conforme as bases específicas para a autorización demanial de espazos deportivos correspondentes a 1º liña de desenvolvemento segundo o prego de condicións.**

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

| |
|---|
| **1.Anexo I.1**: Instancia de solicitude. |
| **2. Anexo I.2**: Horarios e instalacións solicitadas. |
| **3. Copia da acta de constitución da xunta directiva actual.** |
| **4.-Certificado do acordo do órgano competente da entidade polo que se solicite a autorización de uso do espacio no que se manifeste que a Dirección ou representante legal da entidade coñece o contido das presentes bases e se compromete persoalmente a garantir o bo uso das instalacións** |
| **4. Copia do CIF da entidade solicitante.** |
| **5. Copia do DNI** do director do colexio. |

Con sinatura dixital do/a Director/a

Vigo a de de 2024



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 22 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**ANEXO 2 – Solicitude de horarios e instalación.**

## ANEXO 2.-HORARIOS E INSTALACIÓN SOLICITADA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Presidente da entidade deportiva | | CIF. | |

| | |
|---|---|
| Proxecto: | |

| | | |
|---|---|---|
| INSTALACIÓN: | 1ºopción: | 2ºopción: |

| Luns | Martes | Mércoles | Xoves | Venres | Sábado |
|---|---|---|---|---|---|
| de ….. a ……. | de ….. a …….. | de …. a …….. | de ….. a …….. | de …... a …. | de ….. a ……. |
| de ….. a ……. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de …... a ….. | de ….. a ….…. |
| de ….. a ….…. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de …... a ….. | de ….. a ……. |
| de ….. a ….…. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de …... a ….. | de ….. a …..…. |
| de ….. a ……. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de ….. a …….. | de …... a ….. | de ….. a …..…. |

Se o cadro non se pode axustar a solicitude horaria, presentar un anexo específico asinado dixitalmente.

Vigo a de de 2024

Con sinatura dixital

| |
|---|
| Conforme o presidente/a ou director/a da entidade |



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 23 de 25 |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**ANEXO 3 – FICHA RESUMO DO PROXECTO DA ENTIDADE DEPORTIVA – Só para solicitudes de 2º e 3º liña de desenvolvemento. Ademáis de este anexo é obrigatoria a presentación do Proxecto completo da entidade.**

| **ANEXOI.3.-FICHA RESUMO DO PROXECTO XERAL DA ENTIDADE** | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF. | |

Certifica que son certos os datos detallados a continuación:

| |
|---|
| Breve resumo do proxecto, que inclúa información sobre o impacto e repercusión na entidade: |
| Resumo do programa deportivo: |
| Participación na actividade. Características dos usuarios, organización e técnicos responsables, horarios, distribucions... |
| Proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables. |

Vigo, de de 20

Con sinatura dixital

| |
|---|
| Conforme o presidente/a ou director/a da entidade |



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 24 de 25 |
|---|---|---|
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org



Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/04/2025 08:19 | Páxina 25 de 25 |
| --- | --- | --- |
| 6676-611 | CSV: ADA5EA-5CBEC9-DCD75H-9HZWXX-KVGG5T-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: TÉCNICO DE DEPORTES - ( PABLO ALBERTE OTERO ) 31/03/2025 12:50:36 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TECNICO - ( JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA ) 31/03/2025 14:51:30 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO - ( RUBÉN PEÑA BARCELÓ ) 01/04/2025 08:00:27 | CONC. DELEGADO DEPORTES - ( JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 01/04/2025 14:00:29 | TTE ALCALDE ÁREA FOMENTO SERVIZOS E DEPORTES - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 01/04/2025 14:30:11 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 02/04/2025 10:09:40

Documento asinado